

PROXECTO MODIFICACIÓN XORNADA ESCOLAR

C.E.I.P. "GONZALO TORRENTE BALLESTER" SIGRÁS-CAMBRE, A CORUÑA

PROXECTO MODIFICACIÓN XORNADA LECTIVA

- XUSTIFICACIÓN
- OBXECTIVOS
- HORARIOS
- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
- PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A principal intención desta proposta de cambio de xornada escolar é a mellora da calidade do ensino e a formación integral dos nosos alumnos.

Este tipo de xornada estase a empregar con éxito en todos os centros escolares do noso entorno, sendo este o único que mantén hoxe en día a xornada partida, o que ocasiona desequilibrios na escolarización do Concello.

A xornada única supón unha mellora no rendemento escolar, xa que o nivel de motivación do alumnado é moi inferior nas horas da tarde. O cansanzo que o alumnado arrastra despois do período do comedor inflúe moi negativamente no seu rendemento vespertino, sobre todo no caso dos máis pequenos que quedan durmidos nas mesas de xeito habitual.

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais de mellora da calidade de vida dos membros da Comunidade Educativa, relativos á potenciación das aprendizaxes e mellora de competencias tanto do alumnado como do profesorado, poden concretarse nos seguintes obxectivos específicos:

- Aumentar o tempo de convivencia das familias e, á vez, o reparto do tempo do alumnado para as actividades extraescolares, o estudo ou o seu tempo de lecer.
- Evitar o número excesivo de desprazamentos de casa á escola. Á vez, evitar as perdas de tempo de entradas e saídas de clase que se reducen á metade.
- Acadar unha mellor coordinación cos horarios do I.E.S. ao que está adscrito o centro.
- Igualar o noso horario ao do resto dos centros do Concello de Cambre, favorecendo así un mellor reparto do alumnado entre eles.
- Favorecer a formación do profesorado que podería asistir ás actividades formativas que ofrece a Consellería.
- Aumentar o rendemento do alumnado xa que o nivel de atención e concentración é maior pola mañá.
- Dinamizar o uso da Biblioteca Escolar pola tarde, que pasaría a ser un espazo útil fóra do horario lectivo.

- Permitir a participación do centro nas actividades propostas pola Consellería fóra do horario lectivo, coma os Contratos-Programa de reforzo das aprendizaxes.
- Permitir a estabilidade na plantilla de profesorado, que á vez permitiría a participación en actuacións ofertadas pola Consellería que requiren de persoal con destino definitivo: Seccións Bilingües, PlanBE de Bibliotecas Escolares, Seminarios Permanentes de Formación,.....
- Mellorar a oferta de actividades extraescolares dentro do horario lectivo. O horario actual non se axusta á oferta de Museos, Granxas-Escolas, actividades de Deporte Escolar ou mesmo as visitas guiadas de lugares de interese para o alumnado.

HORARIOS

O horario xeral do centro será o seguinte:

Programa Mañanceiros do Concello de Cambre: 7:30-9:30

Actividades lectivas: 9:30-14:30

Servizo de comedor escolar: 14:30-16:30

Actividades extraescolares e dinamización da Biblioteca Escolar: 16:30-17:45

A entrada do transporte escolar será ás 9:30h. e a saída ás 16:30h.

O profesorado completará o seu horario persoal da seguinte maneira:

- Todos os luns de 16:00-18:00, todo o profesorado terá permanencia no centro, para as coordinacións de equipos, titorías de pais, reunións de Claustro, Consello Escolar e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- De martes a venres de 16:30- 18:00, un/unha mestre/a de garda no centro, con presenza na Biblioteca Escolar.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O Concello mantén o Programa Mañanceiros, que abrangue desde as 7:30 da mañá ata a hora de comenzo da xornada lectiva.

Manterase o servizo de comedor escolar en dúas quendas, a primeira de 14:30 á 15:15, para o alumnado de Educación Infantil e 1º, 2º e 3º de Educación Primaria, e a segunda de 15:15 a 16:00 para o resto do alumnado.

Isto permitirá a todo o alumnado contar cun tempo de descanso e de hixiene antes de saír do centro ou de comenzo das actividades extraescolares.

Durante todo o tempo, ata as 16:30, o alumnado permanecerá baixo a vixilancia e coidado do persoal da empresa responsable do catering.

O transporte escolar terá a súa saída ás 16:30, permitíndose ás familias dos alumnos da primeira quenda do comedor que non fan uso do servizo de transporte, recoller aos mesmos ás 15:30, se o desexan.

O Plan de Actividades Extraescolares contén outra saída de autobús ás 17:45, a cargo da organización das mesmas.

PLAN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Co obxectivo de complementar o horario fóra da xornada escolar lectiva e de manter una oferta de actividades atractiva para familias e alumnado, a dirección xunto coa directiva da ANPA do centro organizará as seguintes actividades:

- Dinamización da Biblioteca Escolar.
- Patinaxe
- Baile Moderno
- Ximnasia Rítmica
- Fútbol
- Natación
- Inglés
- Horto
- Xadrez.
- Judo

Todas estas actividades, en función da demanda, organizaranse en grupos de idade e repartidas ao longo da semana de forma que todo o alumnado teña posibilidade de ter unha delas ao día.

A actividade de Dinamización de Biblioteca estará organizada polo Equipo de Biblioteca do centro e atendida polo profesorado que lle corresponda.

O resto das actividades serán subvencionadas pola ANPA a través das axudas do Concello e das cotas dos propios integrantes.

O horario das actividades será de 16:30 a 17:30 e a saída do bus deste servizo ás 17:45.

A proposta de actividades extraescolares para o curso seguinte ofertada pola ANPA e a Dirección do centro queda reflectida no cadro seguinte.

OFERTA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
XIMNASIA RÍTMICA	PATINAXE PEQUENOS	BALLET	FÚTBOL	NATACIÓN
JUDO	BAILE MAIORES	PATINAXE MAIORES	BAILE INFANTIL	BIBLIOTECA
INGLÉS E.I.	INGLÉS PRIMARIA	XADREZ	INGLÉS PRIMARIA	
BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	

*Este é un cadro provisional, supeditado á demanda das actividades.

*A actividade de Inglés para Educación Primaria será de dúas horas semanais.

*Polas condicións climatolóxicas a actividade de Horto ofertarase no mes de febreiro.